

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS**

ANUNCIO do 23 de febreiro de 2024 polo que se somete ao trámite de información pública o proxecto de construción de adecuación do noiro punto quilométrico 29+680-29+720 marxe dereita da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago, de clave AC/03/036.01.1, así como a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados polo proxecto referido.

Pola Resolución do director da Axencia Galega de Infraestruturas, do 22 de febreiro de 2024, realizouse a aprobación provisional do proxecto de construción de adecuación do noiro punto quilométrico (p.q.) 29+680-29+720 marxe dereita (MD) da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo núm. 1 de Santiago, de clave AC/03/036.01.1, no municipio da Pobra do Caramiñal (A Coruña).

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

Primeiro. Que para os efectos previstos no artigo 56.1 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de expropiación forzosa, se somete ao trámite de información pública durante un período de trinta (30) días hábiles, contado a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial Galicia*, a relación individual de bens, dereitos e propietarios afectados pola realización da obra correspondente, para que os afectados presenten cantas alegacións ou rectificacións consideren convenientes en canto aos bens e dereitos descritos na relación anexa.

Segundo. Do mesmo xeito, sométese o presente proxecto a información pública para os efectos do establecido no Real decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento do dominio público hidráulico, en relación coa protección do dominio público hidráulico e coas actuacións neste ou na súa zona de policía.

A documentación que compón o proxecto estará á disposición da cidadanía na sede central da Axencia Galega de Infraestruturas (San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela), no Servizo de Infraestruturas da Coruña (rúa Vicente Ferrer, 2, 15071 A Coruña) e na Casa do Concello da Pobra do Caramiñal.

CVE-DOG: pkrdmvx6-tqs1-7hg2-hsx2-q19p5jhsf5



Así mesmo, a documentación íntegra do proxecto e un extracto do documento cos obxectivos, localización e descrición da actuación estará dispoñible na páxina web da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade:

<https://infraestruturasemobilidade.xunta.gal/informacion-publica/estudos>

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2024

Francisco Menéndez Iglesias
Director da Axencia Galega de Infraestruturas

CVE-DOG: pkrdmvx6-tqs1-7hg2-hsx2-q19p5jhsf5





ANEXO

Relación de bens, dereitos e propietarios afectados

Adecuación do noiro p.q. 29+680-29+720 MD da autovía AG-11 ao contido do Auto do Xulgado Contencioso-Administrativo número 1 de Santiago.

Clave: AC/03/036.01.1.

Concello da Pobra do Caramiñal.

Nº	Referencia catastral	Propietario	DNI	Clasificación PXOM	Clasificación urbanística	Sit. básica solo	Expropiación (m²)
1	000201100NH01H0001FX	Gerardo Muñiz Dávila	***4182**	Rústico	S. rústico de protección agropecuaria	Rural	554,00

